



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatletismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



CIRCULAR LU01/2016

- Aos atletas, adestradores e clubes

II XORNADA PISTA CUBERTA – DEPUTACION DE LUGO 6 e 7 de febreiro do 2.016

A Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo organiza o **2º Xornada de Pista Cuberta – Deputación de Lugo**, o sábado 6 de febreiro, en xornada de tarde, e o domingo 7 de febreiro, en xornada de mañá, no *Estadio Gregorio Pérez Rivera e no Módulo Cuberto*, patrocinada pola **Exma. Diputación de Lugo**. A proba disputarase baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2015/16) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubes de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas de categoría **cadete ata veterans**.

Art. 2. As inscricións faránse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:00 horas do xoves anterior a celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

Art. 3. O acceso ao módulo será restrinxido, existindo cámara de chamadas. Os adestradores que queiran acceder, deberán enviar un e-mail a fgatletismolugo@gmail.com antes do xoves 4 para recibir acreditación para o acceso as zonas habilitadas para eles.

Art. 4. Nas probas de velocidade indicarase a mellor marca. As series realizaranse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatetismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatetismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



Art. 5. Nos concursos, se o número de participantes é 14 ou menos faranse 3 saltos máis tres de mellora, se son máis de 14, todos os participantes farán 4 saltos.

Art. 6. Os concursos disputaránse no Módulo Cuberto.

Art. 7. A cadencia no salto con pértega será: 2,00 – 2,50 – 2,70 – 2,90 -3,05 y 15 en 15 cm, ata 4 m, después de 10 en 10 cm.

Art. 8. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 9. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 10. O horario é o seguinte:

HOMES	HORA	MULLERES
Pértega*	16:30	Pértega*
200 m.l.	18:20	
	18:35	200 m.l.
800 m.l.	18:50	
	19:00	800 m.l.
	19:10	1.500 m.l.
1.000 m.l. (cadete)	19:20	
	19:30	1.000 m.l. (cadete)
DOMINGO MAÑÁ		
	11:30	Lonxitude*
Lonxitude*	12:45	

*Disputanse no Módulo Cuberto

Art. 11. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, 29 de xaneiro do 2.016

Asdo. Pablo Gandoy López

Delegado Técnico da Delegación da FGA Lugo